



*ARTE, LITERATURA
ANTROPOLOXÍA...*



ELEGIA A UN POETA

Triste fue su destino, triste su suerte.
Triste su muerte, triste...
Triste fue su vivir y su camino.
Un dia, en la oscura curva del horizonte
llena de sombra se cortó su figura.
Cruzó la linea del mañana que no vuelve.
La linea del ayer y del olvido.
Y vaga con sombra vaga.
Cruzando la tierra y la nada siempre
en las noches de luna.

Obra de María Maquieira.

Os mudos ríos do tempo

Os mudos ríos do tempo

Os mudos ríos do tempo

JOSÉ ABEAL LÓPEZ*

1

Vou na busca dos cumes e das aguias,
do azul, da claridade e da beleza.

Cómpre fuxir das tebras e da noite,
ascender cara á cima eterna, inmóbil,
diluirse en perenne acougo, ingrávido,
desamarrado, libre polas brisas
alén do tempo, verme que nos roe
e nos consome co seu insomne lume
pola impalpable canle do fugaz.

José Abeal López (Ambroa, Irixoa, A Coruña, 1954) realizou estudos de bacharelato na cidade de Betanzos e licenciose en Filoloxía Clásica na Universidade de Santiago de Compostela. Exerceu como profesor de Latín no Ensino Medio. Pasou a maior parte da súa vida profesional no IES Salvador de Madariaga de A Coruña. Na actualidade está xubilado. Poemas da súa autoría viron a luz nas revistas Poesía Galicia e Grial. O seu primeiro libro **Herba do tempo**, foi publicado por Espiral Maior, na colección A Illa Verde no ano 2000; o segundo **Ave de luz**, publicado tamén por Espiral Maior Poesía no ano 2008; o terceiro **A fría escuridez do perdido**, foi publicado por Follas Novas Edicións a principios de 2015 na súa colección Os libros do loureiro. Participou ademais nos libros colectivos *Alma de Beiramar* e *Homenaxe a Ánxel Casal*, editados os dous pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Tamén participou no libro colectivo *A Coruña á luz das letras*, editado pola Editorial Trifolium e no libro electrónico *150 Cantares para Rosalía*. Así mesmo publicou un ramallo de poemas no número 33 do Anuario Brigantino no 2010.

2

Quero luz, resplendor, cristal, aurora,
clamor de mediodía, plenitude.

Quero os sentidos plenos de fulgor
e claridade, transparencia e brillo.

Que frías son as tebras e os negrumes
e que brasas acenden nas entrañas!

Os ecos do silencio locen tanto
aló nas noites tolas de arrepíos,

que sinto a lapra andar polos pallares
do corpo a queimar todas as sementes

daqueles vellos froitos de alegría,
que a vida me foi dando pouco a pouco.

3

Acendo as melancólicas palabras
nesta tarde implacable de lembranzas.

Comezan a voar polos compases
melodías moi vellas nestas horas

de asombros e memoria, de estupores
e de ebrio sangue polas veas cheas

cos escuros residuos daquel tempo
a durmir no meu peito tan viscoso.

Voa un son de fragancias polo vento
sen nome coma os naufragos e as ondas.

As voraces palabras arden, cantan
no frescor silencioso dos xardíns,

que ten o corazón tan escondidos
aló no dondo centro do seu molo.

Lugar en que nacín, canto tremor
me produces no sangue co teu rostro
tan aceso ó pensar agora en ti

e ver no pensamento aqueles homes,
que te habitaron no correr dos días
antes que eu nin sequera entón nacera,

eles xa te levaban polos ósos
namorados e envisos no cristal
da inocencia tan pleno de beleza.

Nestes instantes estou estremecido
cos milagres da vida e da memoria
polas simas do tempo que nos trae

e que nos leva no intanxible tacto
das súas maus, envoltos no silencio
misterioso de canto nos rodea,

peregrinos eternos dun camiño
sen retorno na busca infatigable
dos espacios da luz inextinguible,

poderosa e inmortal.

5

Aló nas cernas da memoria dormen
as vellas cítaras daquela vida
agora ocultas nun lugar secreto
e invisible a non ser para os meus ollos,
que aínda ven as cousas que se foron
tan vivas e vizosas coma entón.

6

Cando os ollos se pousan por aquelo
xa vivido, daquela algo nostálxico
nace neles e treme unha emoción
antiga e nova á vez coma un mencer.

Que misterio constante haberá nel
para que me commova tanto os pulsos
e se paren as pálpebras en pasmo
na súa luz tan fresca e tan amiga?

Non o sei, pero sinto aterecer
os ósos co recendo azul das seivas,
que soben polo corpo coma sangue
de vida perdurable e permanente.

Lugares que habitei, raíces firmes
nas arxilas do sangue e da memoria.

O fero río pasa raudo, oculto
polas cousas que murcha e desvanece,

tamén por min, pero mentres eu exista,
non, non me arrincará aqueles recordos

gardados nos espellos más intactos
aló dentro nas celas das entrañas

coma un sopro de vida silenciosa.

Lembro aquelas persoas que tratei
e que remataron xa a súa andaina.

Fixeron o seu tránsito inocentes,
envoltas no candor do inesperado,

vagaxeiras moi firmes na incerteza
polas escuras noites e camiños.

Anhelaban o mar descoñecido,
tan indemne no alén dos horizontes.

Nos adentros unha escondida chama
iluminaba sempre a súa senda

cara ó ritmo da eterna melodía.

9

Aló polas raíces das entrañas
andan esas lenturas da existencia,
onde nacen as fontes do que somos.

Nelas habita o ser da nosa vida,
nelas está a morada da memoria,
a casa do que fun e do que son.

A arboreda dos días rumorea,
ten a força dos ventos primixenios,
a calor dos alentos ancestrais,

garda o cofre dos soños nos acesos
silencios do seu ventre envoltos sempre
nas moles e caladas sombras virxes,

onde dormen os cantos das calandras
e as músicas de tantos corazóns
ocultos nas fecundas brisas mudas

do tempo.

10

Terras da infancia e xuventude, recias,
mais sempre ilesas, recendentes, vivas
aló no seo das lembranzas, novas
coma a neve ou as estrelas, coma o mar.

Todo alí é coñecido: as corredoiras,
os carreiros, as fontes, os camiños,
os recendos, as brisas, os paxaros,
as camposas, os prados, os regueiros.

Hai unha sabedoría recíproca
e tan fermosa , un son lixeiro, fráxil,
un delgado asubío polos tactos,
un ollar delicado e dócil, sabio.

11

Cando entro nas raiceiras do meu ser
atopo forzas frescas nas arxillas,
primixenia enerxía nas correntes,
aceso vento cara ós altos cumes,
inmensa luz nas cernas do vivir,
rico ritmo de vida en plenitude.

Toda a música ferve nas arterias,
nos círculos do centro, na espiral.

12

Contemplar as criaturas enfebrece
de gozo o corazón cos seus fulgores
pola núa fraxilidade inmensa
daquel espacio intenso de beleza.

Vivir entre as presencias do misterio
a amosarse furtivo coma un soño
de sublime excelencia e perfección
acende as febras dos anhelos íntimos.

13

O corazón agarda a fresca choiva
aló nas súas ermas matogueiras,
é un degoiro de orballos e xeadas,

de transparencia e luz, de rica vida,
de milagres e fontes, de lagoas,
de novas melodías e violíns.

O corazón agarda as claras augas,
os terreos do mol candor, o acougo
luminoso e imprevisto dos mencerés,

o pálpito dos ríos e dos mares,
a branda suavidade dos solpores,
o lene e tenro resplandor da noite.

O corazón agarda a frauta azul,
a eterna ingrávidez da neve, a estrela
perdida na herba, a fértil orballeira.

14

Ás veces aparece a aceda noite
aló no peito coma moura fera.

Amarga néboa nos ollos, bríos
queimados nas esquinas da cegueira,
chumbo e frías escumas, negro aceite.

Ás veces aparece a aceda noite
polas furnas do sangue coma brasa.

Canta farmela polo corpo todo!

Aceiros nos fulgores do calado,
silentes aves nas escuras cernas
perdidas polo mar das miñas veas
orfas de sol e resplandores, murchas.

15

Os paxaros ardían polos ollos,
húmedas luces a nacer nas cúpulas,
o ceo vougo, estéril remoendo
arañas ventureiras e gavelas
de morte, bágoas de sombra e liques.

Canta cinza tristísima sen gloria,
agonizante e diminuta, pálida
polas remotas febras das arxilas!

Aló en min tristes, lívidos aceiros
a rodear a muda e delicada
inocencia de tanta vida pura.

16

Como zoan as horas no mutismo
máis pechado aló dentro das criaturas,
abellóns invisibles que consomen
canto existe co seu ferrón de lume
calado e misterioso sen deterse
nunca en eterno tránsito de vida
e morte, día e noite, ceo e terra!

Pasan as albas e tamén as tebras,
pasan as dores e tamén os gozos,
voltan os mesmos ritmos e correntes,
todo pasa e retorna á vez de novo
no continuo camiño do existir.

Cantos invernos, cantas primaveras,
cantos outonos e veráns ficaron
polas febras febrís da miña carne
a consumirme a vida que latexa
polos ríos secretos do meu corpo
sen sequera sentir nin ver a serpe
que se arrasta invisible polas fragas
da existencia impalpable e poderosa
coma vento que pasa sen parar,
divino fluxo polas núas cousas.

18

Unha brétema cega de insaciabile
sixilo cobre todas as criaturas
e polos seus adentros corren augas
acedas que non vemos a roer
os alentos da vida, que prosegue
nunha cadea sempre nova e firme
máis alá das derrubas incesantes,
que as voraces eirugas fan en todo.

19

Cada cousa repousa no seu sitio.
O mundo acouga envolto nun rumor
silencioso en presencia plena, nidia
coma o día, perfecta, exuberante.

O sol descobre todo sen ruínas,
ubérrimas paisaxes exultantes,
xubilosos perfís, solpores roibos
polos mansos recantos da noitiña.

A casa branca estremeceuse toda.

20

Ás veces arde o corazón en luz
coma lugar furtivo e inesperado
de claridade tan descoñecida,

que deixa un resto latexante e azul,
vivo pola húmeda memoria sempre
coma seme de vida polo tempo.

Canto cego legado incorruptible!
Que linguaxe secreta polas noites!
Cantos compases de alegría dócil!

Que sonoro solpor tan indefenso,
refuxio de fragmentos e residuos,
interminable pacto de inocencia!

21

Vés da neve e das fontes, das montañas
e dos prados, das herbas e dos ríos,
bolboreta febril cara ó silencio,
onde te agarda o corazón tan mol
cos seus niños de orballo abertos sempre
coma casas de doces agarimos.

Vés do azul xubilosa coma o ceo
co seu resplandecente mediodía
na procura da eterna luz da aurora
a chamarnos nos brandos horizontes
aló nas mudas cernas da distancia.

Vas debullando aquel solpor nos ollos,
miña rula, coa luz estremecida
aló no corazón de tanta brasa
amoreada polas roibas veas
co lume enfebrecido da paixón.

Foron horas de brando azul nos tactos,
de aves polos espellos e de orballos,
de latexos nas pálpebras e neve ,
de estrelas transparentes a nacer
polas augas tremendo de beleza.

Os pulsos acendíanse de soños,
a vida era un fervor de moles gozos,
os días tal navíos de ilusión
polos mares cara a un sol cristalino
de perenne tenrura e brío intacto.